

## PRÁCTICA DAS CAPAS DA XEOSFERA

**-OBJECTIVO:** Simular a formación das capas da xeosfera para favorecer a súa comprensión.



### **-MATERIAL:**

- Vaso de precipitados



- Auga

- Pipeta Pasteur

- Alcohol etílico de 96°

- Aceite de oliva

- Pedras, cortiza e plástico



### **PRIMEIRA PARTE DO PROTOCOLO**

- Botamos 20 ml de aceite no vaso de precipitados.
- A continuación, engadimos 20 ml de auga con axuda da nosa pipeta Pasteur. (Nota: a medida das pipetas é de 3 ml)
- Botamos 20 ml de alcohol etílico.

### **PREGUNTAS**

- Cantas capas distinguimos?

**Distinguimos tres capas**

- Que sustancia está abaixo? E no medio? Cal queda arriba de todo? Explica o porqué da orde destas sustancias no vaso de precipitados.

**A orde das sustancias de abaixo a arriba é a seguinte: auga- aceite-alcohol. Estas tres sustancias sepáranse de acordo a súa densidade situándose o líquido máis denso na parte baixa (auga), o de densidade media no centro (aceite) e o máis lixeiro na parte superior ( alcohol).**

- Que semellanzas atopas entre este experimento e as capas nas que se divide a xeosfera?

**Ao igual que na formación do noso planeta, as sustancias deste experimento sepáranse atendendo a súa densidade. A auga simularía a capa máis densa da xeosfera (o núcleo), o aceite a capa intermedia (o manto) e o alcohol a capa superficial máis lixeira (a codia).**

## PRÁCTICA DAS CAPAS DA XEOSFERA

### CONTINUACIÓN DO PROTOCOLO

- Engadimos agora con coidado unhas cantas pedras evitando o contacto entre a auga e o alcohol posto que estos sí son miscibles.
- A continuación, botamos uns anacos de cortiza.
- Por último, engadimos os pedazos de plástico.

### PREGUNTAS

- Que ocorre coas pedras? E coa cortiza? E co plástico? Explica o porqué do lugar que ocupan no vaso de precipitados.

**Estes tres materiais van ocupar un lugar distinto no vaso de precipitados atendendo a súa densidade. As pedras son o material máis denso polo que se situarán no fondo, na capa de auga. O plástico ten unha densidade media e ao engadilo ao vaso, sitúase na capa intermedia (na de aceite). Por último, a cortiza, que é o material máis lixeiro, situarase na superficie coa capa de alcohol.**